

# OS XOGUETES DE NADAL

Estimadas familias,

Ante a proximidade das festas de Nadal, nas que a maioría dos rapaces e rapazas reciben agasallos, desde o Departamento de Orientación queremos ofrecervos unha serie de sinxelas recomendacións que esperamos vos sirvan de axuda.

Aproveitamos para desexarvos unhas Felices Festas!

Os xoguetes deben ser axeitados á idade dos vosos fillos/as, débense ter en conta as idades recomendadas polo fabricante.

Deben responder aos seus intereses, que non sexan só un capricho pasaxeiro. O xoguete máis caro non é o mellor. Convén non deixarse influir pola publicidade.

Débense evitar os xoguetes demasiado elaborados, que anulan a imaxinación e creatividade.

Que sexan duradeiros e seguros. Hai que ter en conta as recomendacións xerais do fabricante, as normas de seguridade e hixiene que establecen os folletos de cada xoguete.

Non hai que facer distinción entre xoguetes de rapaces e xoguetes de rapazas. Son importantes os xoguetes que fomentan a cooperación e integración das persoas (nenos e adultos) no xogo.

Os xoguetes bélicos non son recomendables porque fomentan valores e actividades agresivas e violentas. Sen embargo recomendamos aqueles xoguetes que



## Lembrede...

Os xoguetes nunca poden substituír ás persoas.

**O mellor agasallo para os nenos e nenas é o voso tempo, cariño e adicación:**

**XOGAR CON ELES!**



fomenten a cultura e as tradicións autóctonas: trompos, cordas, bolos, instrumentos musicais...

Os rapaces e rapazas sinten curiosidade por observar todo o que lles rodea por iso, os "**xoguetes científicos**" contribúen ao seu coñecemento do mundo (xogos de experimentos, microscopios, telescopios, prismáticos, xoguetes que permiten coidar insectos, crear un ecosistema, construír vehículos que funcionan con enerxías renovables...).

Pero se algo axuda a ampliar coñecementos e fomentar a imaxinación son, sen dúbida, **os libros**. Regalar un conto, un libro é regalar a mellor viaxe polo mundo real e fantástico.

No blog da biblioteca (Blog de Leo e Mariña) podeades atopar un montón de recomendacións de lectura.

<http://blogdeleo-vaesvillamarin.blogspot.com.es/>

## Qué outros xoguetes son os máis axeitados para os nenos e nenas de Infantil e Primaria ?

**Xoguetes de Imitación:** bonecas, coches, casas, tendas, maletíns de médico, bancos de carpintería, equipos de xardinería...

**Xoguetes de construción:** con pezas e dificultades adaptadas para cada idade.

**Xoguetes de movemento:** pelotas, raquetas, bolos, aros, zancos, patíns, patinetes, monopatíns, bicicletas...

**Xoguetes para a expresión creativa:** instrumentos musicais, pizarra, plastilina, barro, pinturas, títeres, disfraces...

**Xogos de mesa:** cartas, dominós, damas, axedrez, loterías de letras, bingo, puzzles, rompecabezas, catro en raia, parchís, xogos de memoria, preguntas...

# BO NADAL!



## O mellor xoguete

### Non é...

Nin o máis caro,  
Nin o máis anunciado,  
Nin o máis sofisticado,  
Nin o que fomenta a violencia

### É o que ...

Fomenta a creatividade,  
Invita á participación e interacción con outros nenos e adultos ,  
Fomenta a igualdade entre rapazas e rapaces, sen distinción de sexos,  
Respecta os valores sociais.